

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 18/08/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 18/08/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 11-ago-2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/3185

Dáse conta de escrito presentado pola empresa TRANS LEIRO TRANS SL con NIF B36311025, con número de rexistro WEB2025006357 de fecha 13/05/2025, onde solicita a instalación dunha zona de carga e descarga en Avda. Rosalía de Castro no 175.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que na zona non existen zonas de carga e descarga e á altura do nº 173 podería crearse unha zona cunha superficie de catro prazas de estacionamento xa que existen diversos comercios que fan necesaria a mesma.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización da zona de carga e descarga solicitada, de conformidade co informe da Policía Local.

Dar conta á Policía Local aos efectos oportunos.

PRP2025/3186

Dáse conta de escrito presentado por Manuel SUAREZ ORDOÑEZ, con número de rexistro 2025007175 de data 13/05/25; onde se solicita a instalación dun sinal de prohibición de entrada para camións debido á estreiteza da vía, na Rúa Pereiro de Vilar.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que comprobada dita rúa determínase que dada a estreiteza da devandita rúa non é conveniente a circulación de vehículos de máis de 3500 kg de MMA. Os veciños manifestan que os repartidores acceden por esta entrada porque o GPS indícanlle que accedan por ese lugar e teñen problemas habituais.

Así mesmo indican que para acceder a este lugar hai outras alternativas como a Rúa Petróglifos e rúa do Monte e rúa Vilar de Arriba, polo que dadas as circunstancias concorrentes consideran que debería instalarse en ambas as entradas á rúa Pereiro de Vilar, o sinal R 107 de entrada prohibida

a vehículos de mercadorías con masa máxima autorizada superior a 3500 kg.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á instalacións de sinais en ambas as entradas á Rúa Pereiro de Vilar, conforme ao indicado pola Policía Local.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2025/3187

Dáse conta de escrito presentado pola Asociación de veciños de Faxilde G63154649, con número de rexistro WEB2025003642 de data 12/05/25, onde informan que vehículos de grandes dimensións circulan en dirección contraria en C/ San Martín por non poder pasar en C/ Cultura xunto ao bar Filipino.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que se realizan varios controis na zona e obsérvase que é unha zona con moi pouca afluencia de tráfico e que os vehículos están correctamente estacionados, de todos os xeitos frecuentarase máis este lugar para evitar estes comportamentos incívicos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar á Asociación de Veciños que se procederá a realizar controis para evitar este tipo de accións.

PRP2025/3188

Dáse conta do escrito presentado por María Dolores DIVOS OUBINA, con número de rexistro 2025007100 de data 12/05/2025; onde solicita información por un presunto cambio de sentido da rúa Veiga de Abaixo.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que por parte da Xefatura de Policía Local ata o día da data non ten coñecemento de tal circunstancia. Aínda que no momento que houbese calquera modificación do tráfico os veciños serán avisados con tempo suficiente. O que se pon no seu coñecemento para os efectos que se considere oportunos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta á Sra. Divos Oubiña do indicado no informe da Policía Local.

PRP2025/3189

Dáse conta das solicitudes con número de rexistro WEB 2025003499 (RE-305/25), de data 07/05/2025, e WEB 2025004115 (RE 372/25) de data 27/05/2025 presentadas por Cdad. De Propietarios edificio Club Arousa, con relación aos problemas que sofren os usuarios do vao permanente deste edificio, debido á deficiente sinalización do acceso ao vao que se agravou coa creación do carril bici e a zona de estacionamento limitado a 20 minutos, cuxa sinalización horizontal pode confundirse coas marcas viarias de acceso ao vao, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se vai proceder a variar estas marcas viarias para que se poida apreciar que se trata dun tramo de acceso ao vao.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2025/3190

Dáse conta de escrito con número de rexistro 2025007341 (RE- 351/25), de data 15/05/2025, presentada por Miguel Ángel ALVAREZ MIGUENS, con relación a pedimento de retirada dun pivote instalado fronte ao número 13 da rúa Celso Emilio Ferreiro, indicando que o mesmo dificulta o estacionamento de vehículos e solicitando a retirada do pivote e a modificación do ancho do vao permante.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a instalación deste elemento, levouse a cabo ante a solicitude de veciños para favorecer o acceso ao vao sito no baixo deste edificio, xa que ao estacionar vehículos que invaden parte do vao, estes chegaban a invadir a rampla de acceso peonil ao portal do edificio para acceder ao vao.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunica ao Sr. Álvarez Miguens que o pivote a que se refire está colocado de forma correcta, polo que non se vai proceder á retirada do mesmo.

PRP2025/3212

Dáse conta de escrito presentado por GESENCO GESTION EN COMUNIDADES SL, con nº rexistro 2025004379, solicitando a instalación dun espello para facilitar o acceso dos garaxes situados en Avda. Rodrigo de Mendoza nº 5.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlles que realizada unha inspección do vao do inmovible nº 5 de Avda. Rodrigo de Mendoza compróbase que xa existe un espello instalado na saída que facilita a visibilidade.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar o presente acordo a Gesenco Gestión en Comunidades SL.

PRP2025/3214

Dáse conta de escrito presentado por CD Fincas SL, en representación da Comunidade de Propietarios CPSUB. PROP. MEDA GARAJE, de Rosalía de Castro 116, 118 e 120, no que propoñen a opción de colocar liña discontinua nas dúas direccións para facilitar o acceso á via na saída do garaxe.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que non se aprecia impedimento para instalar liña discontinua no citado lugar, se ben o vial non é de competencia municipal polo que habería que solicitar a modificación á administración competente.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar á Xunta de Galicia (Axencia Galega de Infraestruturas), titular do citado vial, a modificación da sinalización, coa opción de liña discontinua.

PRP2025/3216

Dáse conta do escrito presentado por D. Javier García López, solicitando a sinalización dunha praza de discapacitados nas inmediacións do seu domicilio na Avda. da Mariña.

Visto o informe da Policía Local no que se fai referencia á inexistencia de prazas para persoas con mobilidade reducida na zona, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida á altura do nº 132 da Avda. Rosalía de Castro.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2025/3217

Dáse conta de escrito presentado por Gesenco Gestión en Comunidades SL, en nome da Comunidade Rosalía de Castro 99, no que indican que a citada comunidade accede a través dun dos calexóns que da cara a praia, atopándose en mal estado a sinalización das liñas de prohibición de estacionamento e solicitan o repintado do mesmo.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que inspeccionado o lugar comprobouse que as liñas amarelas que impiden o estacionamento de vehículos están moi deterioradas.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicar a Gesenco Gestión en Comunidades SL que unha vez concedida a licenza para o vao permanente procédese a pintar por primeira vez as marcas

viarias por operarios municipais, pero o repintado e mantemento destas marcas debe levar a cabo polo titular da licenza concedida, respectando o pintado orixinal do Servizo Municipal
Dar conta á Policía Local.

PRP2025/3230

Dáse conta do escrito presentado por D. Antonio Vicente Mari Venabent, en representación de Espectáculos A.M.B Producciones SL solicitando autorización para colocación de 25 bandeiras promocionais en farois de alumado público, con motivo da celebración da Feira Artesana e Mariñeira Artemar, que terá lugar entre os días 14 e 17 de agosto de 2025, no Concello de Riveira. A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non está permitida a colocación de bandeiras nos farois, polo que deberán proceder á retirada das mesmas.

PRP2025/3231

Vista a solicitude de Dona Mónica Vilas Rivas, en representación de Fundación Artiaga acórdase autorizarlle o uso da Praza da Peixería, os días 17, 18 e 19 de outubro de 2025, durante todo o día, para a celebración dun mercado solidario, MercArt do Programa AAN, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Visto o informe da Policía Local, acórdase comunicarlle que deberá axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

En relación coa elaboración polo Concello de cartelería para promocionar o evento, queda condicionada á dispoñibilidade da Área de Comunicación.

Dar conta á Área de Comunicación.

PRP2025/3232

Vista a solicitude de Dona Abigail González Rodríguez acórdase autorizarlle o uso da Praza da Peixería, os días 7, 8 e 9 de novembro de 2025, durante todo o día, para a celebración dun desfile de moda solidario, xunto coa Academia de Corte e Confección M. Ríos, en beneficio da Asociación

Española de Anosmia, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Visto o informe da Policía Local, acórdase comunicarlle que deberá axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

Acórdase a colaboración do Concello para a instalación de tarima ou pasarela, cadeiras, son e iluminación.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras e Servizo de Alumeado Público.

PRP2025/3240

Vista a proposta do Servizo da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Labrax Soluciones SL para a reparación e revisión do radar Velolaser, (verificación, recollida e devolución na Xefatura da Policía Local), por un importe total de 2.492,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/3241

Dáse conta do escrito presentado por Dona Alexa Sampere Gavieiro, solicitando autorización para ocupación de vía pública para celebrar o aniversario do local comercial situado na Rúa Romero Ortiz nº 9-11, en horario comercial e ocupando o espazo de rúa correspondente ao propio local, instalando música e algo de comida, o día 23 de agosto de 2025.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.

- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/3258

Dáse conta do escrito presentado por D. Jorge Miguez Paz, solicitando autorización para ocupación de vía pública para celebración dun concerto na terraza do bar CHIRIN-JITO, na Rúa Alexandre Boveda nº 26, o día 19 de agosto de 2025, en horario de 22:00 a 00:30 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2025/3249

En base ao informe emitido pola Coordinadora de Servizos Sociais, en relación ao gasto a asumir polo Concello relativo á atención educativa e comedor da Escola Infantil Municipal do mes de XULLO 2025, dáse conta á Xunta de Goberno Local das seguintes contías:

a. Custe derivado da aplicación das bonificación do Decreto 49/2012 de réxime de prezos das escolas infantís 0-3 a asumir polo Concello en concepto de :

i. Atención educativa: 14.859,14€

ii. Comedor: 6.095,05€

b. Custe que lle correspondería aboar ás familias e a asumir pola Xunta de Galicia de acordo coa Orde do 9 de Agosto de 2024 en concepto de:

i. Atención educativa: 9.063,66€

Na facturación do mes de xuño de 2025, non se incluíu a cota de unha menor A.P.A: cota atención educativa asumida pola Xunta de Galicia 34,91€ e a cota asumida polo concello 190,95€. En total, tense que pagar a EIM 225,86€.

Polo tanto, a Xunta de Goberno Local, acorda aprobar o pago a favor da Escola Infantil Municipal, Bonecos Vilagarcía, S.L. con C.I.F. nº B 94065661, en concepto de bonificación municipal pola

atención educativa e comedor e gratuidade da atención educativa para as familias, con cargo á partida 323.48007, polos seguintes importes:

Total a transferir á Escola Infantil Municipal do mes de XULLO 2025: 30.017,85€

Total a transferir á Escola Infantil Municipal por erro na facturación de XUÑO 2025: 225,86€

PRP2025/3250

Dáse conta do convenio para a concesión dunha subvención nominativa 2025, á Entidade Cruz Vermella Española, por importe de 84.000,00€ para o desenvolvemento de actuacións e actividades no marco de xestión e mantemento do Albergue destinado a persoas sen fogar e transeúntes, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2025/3251

Dáse conta do Convenio de colaboración entre o Concello e a Entidade Asociación Galega de Linfedema, Lipedema, Insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas (AGL), para a concesión dunha subvención nominativa, por importe de 1.800,00 €, con cargo á partida 231.48002, co fin de subvencionar a o desenvolvemento de actuacións e intervencións encamiñadas á sensibilización en relación a enfermidade de linfedema, así como á atención a persoas afectadas e a súa contorna durante o ano 2025.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/3134

Vista a proposta do Director da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar renovación da subscrición anual aos seguintes diarios, con destino ó espazo de publicacións periódicas da Biblioteca Municipal, con cargo á partida 3321.22001:

- FARO DE VIGO SAU, subscrición ao Diario Faro de Vigo para o período de 22 de xuño de 2025 a 22 de xuño de 2026, por un importe de 419,95 €.

- UNIDAD EDITORIAL SA, subscrición ao Diario Marca, para o período de 11 de xullo de 2025 a 11 de xullo de 2026, por importe de 290,76 €.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

MERCADOS

PRP2025/3066

Dáse conta da solicitude de D. Oscar Lopez Joao de cambio de titularidade o seu nome, dos postos 77-78 da Praza do Peixe de Vilagarcía de Arousa, dos que é concesionaria Dona Maria Josefa Bemposta Diz.

Visto o informe do Xefe de Mercados, no que se indica que o Sr. Lopez Joao cumpriu o proceso de transmisión da concesión, de conformidade co preceptuado no Artigo 22 do Regulamento das Prazas de Abastos, como son o acordo de Xunta de Goberno Local, de data 21-04-2025 e a exposición ao público no Taboleiro da Sede Electrónica deste Concello, do 30-04 ao 26-05 de

2025 .

Así mesmo aporta o xustificante de pago da liquidación, por importe de 1.800 € en concepto de traspaso da concesión dos postos nº 77-78 da Praza do Peixe de Vilagarcía de Arousa.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cambio de titularidade a favor de D. Oscar López Joao dos postos 77-79 da Praza do Peixe de Vilagarcía de Arousa, polos anos que queden de vixencia da concesión (dende o acordo da Comisión Municipal de Goberno de data 04-09-2006), correspondendolle por tanto trinta e un anos.

CULTURA

PRP2025/3264

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2025, de aprobación de gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños Grupo San Roque, por un importe total de 1.982,00€, figurando no mesmo:

.... aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños Grupo San Roque, por un importe total de 1.982,00 €, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Curso de manualidades e pintura (mes de outubro)	954,00 €	Mª JESUS LOPEZ FIGUEIRA
Material	1.028,00€	EMILIO JOSÉ VILLARES CARMONA(Exclusivas Villares)

E debendo figurar:

...aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños Grupo San Roque, por un importe total de 1.982,00 €:

Concepto	Importe	Partida	Provedor
Curso de manualidades e pintura (mes de outubro)	954,00 €	334.22703	Mª JESUS LOPEZ FIGUEIRA
Material	1.028,00€	334.62300	EMILIO JOSÉ VILLARES CARMONA(Exclusivas Villares)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

CONTRATACIÓN

PRP2025/3184

Vista a necesidade detectada dende a Concellería de Seguridade Cidadá de dotar ao Concello de Vilagarcía de Arousa dun espazo habilitado para o seu aproveitamento como depósito de vehículos. Tendo en conta a existencia dunha parcela de propiedade municipal de 2.247 m², situada no Parque Empresarial do Pousadoiro, o concello promoveu o seu acondicionamento co obxectivo de que poda ser aproveitada con esta finalidade e dar resposta á necesidade manifestada; para o cal foi redactado o correspondente proxecto técnico descritivo das obras para o acondicionamento da citada finca polo arquitecto municipal, D. Xoán Xosé Rodríguez Cuíña.

O proxecto contempla a realización das seguintes obras:

- Traballos previos, demolicións e movemento de terras: desbroce de vexetación herbácea e arbustiva, carga e transporte a vertedoiro autorizado.
- Explanación e bases: caixeados do terreo mediante medios mecánicos con carga e transporte de

material excedente. Escavación de foxos para alicerces de muro, caseta e postes de iluminación, con pa retroescavadora e axuda manual nas zonas de difícil acceso.

- Pavimentos: Pavimento continuo de aglomerado asfáltico, de 12 cm de espesor, sobre capa de saburra de 10 cm de espesor, incluíndo a preparación e nivelación da base, formación de pendentes, estendido, e apisoado. Marcado de prazas e marcas viais con pintura reflexiva de 10 cm realizada con máquina.

- Instalacións: Acometidas as redes de sumidoiros, así como diferentes conexións de servizos enerxía eléctrica, alumado da parcela, telecomunicacións e instalación de cámaras de videovixilancia.

- Execución de nova canalización eléctrica para alimentación das luminarias compostas por avisador de vehículos e iluminación xeral do paso de peóns.

- Sinalización horizontal e vertical.

O orzamento deste proxecto ascende á cantidade de 81.127,70 € (IVE engadido).

O prazo de execución é de 2 meses

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto técnico denominado “Acondicionamento de finca para depósito de vehículos no Pousadoiro”, redactado polo arquitecto municipal D. Xoán Xosé Rodríguez Cuíña, cuxo importe de licitación (IVE engadido) ascende a de 81.127,70 €.

PRP2025/3239

Ante o estado de deterioro no que se atopa a pasarela de madeira sita na PO- 549 (O Rial), manifestado por veciñas e veciños de Vilagarcía de Arousa e comprobado polos servizos municipais, e visto o informe do Enxeñeiro Técnico municipal no que se indica: que realizada visita de inspección o día 05.08.2025 comprobouse que a devandita pasarela de madeira que bordea a Rotonda onde conflúen a estrada PO-549 e PO-529 atópase en mal estado, con tablóns de madeira levantados, e tramos parcialmente destrozados, afectados pola corrosión nas cabezas.

Así mesmo, examinado o proxecto denominado “PROXECTO DE SENDA E REPARACIÓN DE BEIRARRÚAS NA PO-549” (CLAVE: PO/19/126,06). promovido pola Xunta de Galicia (Clave PO/19/126,6), informa que a devandita pasarela non forma parte do mesmo.

A estrada PO-549 (O Rial) atópase incluída no Catálogo da Rede Autonómica de Estradas de Galicia, sendo as obras necesarias para o arranxo da pasarela de madeira da senda peonil sita neste vial competencia da Axencia Galega de Infraestruturas, de conformidade coas funcións de referida axencia recollidas no Decreto 173/2011 (modificado polo Decreto 165/2015, polo Decreto 37/2017, polo Decreto 66/2021 e polo Decreto 29/2023).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Instar á Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia a levar a cabo as obras necesarias, con carácter urgente, para a reparación da pasarela de madeira da senda peonil sita na PO-549, por estar as mesmas dentro das súas competencias.

- 2.- Comunicar o acordo á Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia para que tomen as medidas oportunas.

PRP2025/3243

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 24 de febreiro de 2025, aprobou o proxecto técnico denominado “Proxecto técnico e básico de execución de humanización entorno da Fonte e Lavadoiro de Vilaboa”, redactado polo enxeñeiro de camiños don Francisco Javier Zubia Fernández da empresa PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L, cun

orçamento de 395.584,21 € (IVE engadido).

Con data 15 de maio de 2025, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente de contratación para a execución da obra denominada “Humanización do entorno da fonte e lavadoiro de Vilaboa” mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria a través de Plataforma de Contratación del Sector Público, así como os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e anexos que rexen o mesmo.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 4 de agosto de 2025, adxudicouse o contrato de obra denominado “Humanización entorno da Fonte e Lavadoiro de Vilaboa” á mercantil NOVAVIAL S.L., por un prezo de 339.371,69€ (IVE incluído).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos denominado Dirección de Obra do investimento denominado “Humanización entorno da Fonte e Lavadoiro de Vilaboa”, á mercantil PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L, con NIF B36937282, por un Importe de 13.500,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 2.835,00€, o que totaliza un importe de adxudicación de 16.335,00 € (IVE engadido), segundo a oferta que presenta e con cargo á aplicación orzamentaria 150-640 do orzamento vixente. O importe distribúese en anualidades, do seguinte xeito:

CONTRATO	PRAZO EXECUCION	COSTE TOTAL (IVE eng)	COSTE MENSUAL	ANUALIDADE 2025	ANUALIDADE 2026
Dirección obra Humanización do entorno da fonte e lavadoiro de Vilaboa (fase I)	6 meses	16.335,00€	2.722,5€	10.890,00€	5.445,00€

PRP2025/3244

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 17 de abril de 2023, aprobou o proxecto técnico denominado “Ampliación das instalacións e piscinas Municipais de Fontecarmoa”, redactado por el arquitecto don Jesús María San Vicente Domingo, por importe de 2.631.499,45 € (sen IVE) e de 3.184.114,33€ (IVE engadido).

Con data 10 de marzo de 2025, mediante Resolución de Alcaldía, apróbase o expediente de contratación para a execución da obra denominada “Ampliación das instalacións e piscinas Municipais de Fontecarmoa” mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria a través de Plataforma de Contratación del Sector Público, así como os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e anexos que rexen o mesmo.

Con data 09 de xuño de 2025 a Xunta de Goberno Local adxudicou o contrato de obras de “Ampliación das instalacións e piscinas Municipais de Fontecarmoa”, á mercantil VILOR INFRAESTRUCTURAS, S.L. (NIF B97400626), por un importe de 3.083.812,05 € (IVE incluído).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos denominado “Coordinación de seguridade e saúde da obra de Ampliación das instalacións e piscinas Municipais de Fontecarmoa” ao Arquitecto Técnico don José Manuel Millán Armas (NIF 36095934X), por importe de 14.950,00 €, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 3.139,50 € o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 18.089,50 €, de acordo coa oferta que se achega, e con cargo á aplicación orzamentaria 150-640 do orzamento vixente. Distribuíndose o importe total por anualidades:

CÁLCULO ANUALIDADES CONTRATOS SERVICIOS ASISTENCIA TECNICA OBRAS					
CONTRATO	PLAZO EJECUCION	COSTE TOTAL (IVE inc)	COSTE MENSUAL	ANUALIDADE 2025	ANUALIDADE 2026
Coordinación de seguridade e saúde obra Ampliación das instalacións e piscinas municipais de Fontecarmoa	12	18.089,5	1.507,46	7.537,29	10.552,21

PRP2025/3245

Con data 10 de marzo de 2025, por Resolución de Alcaldía, apróbase o expediente de contratación para a execución da obra denominada “Ampliación das instalacións e piscinas Municipais de Fontecarmoa” mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, así como os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o mesmo.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 09 de xuño de 2025, adxudicouse o correspondente contrato á mercantil VILOR INFRAESTRUCTURAS, S.L., por importe de 3.083.812,05 € (IVE engadido).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos denominado “Dirección de execución material da obra de Ampliación das instalacións e piscinas Municipais de Fontecarmoa” ao Arquitecto técnico don José Manuel Millán Armas (36095934X), por importe de 14.995,00 €, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 3.148,95 € o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 18.143,95 €, de acordo coa oferta que se achega, con cargo á aplicación orzamentaria 150-640 do orzamento municipal vixente. O importe total distribúese nas seguintes anualidades:

CÁLCULO ANUALIDADES CONTRATOS SERVICIOS ASISTENCIA TECNICA OBRAS					
CONTRATO	PLAZO EJECUCION	COSTE TOTAL (IVE inc)	COSTE MENSUAL	ANUALIDADE 2025	ANUALIDADE 2026
Dirección execución material obra Ampliación das instalacións e piscinas municipais de Fontecarmoa	12 meses	18.143,95	1.512,00	7.559,98	10.583,97

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2025/3278

Visto o expediente de gasto INT/2025/444 integrado pola relación de xustificantes F/2025/158 por importe de 11.323,87€.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

PRIMEIRO: O Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2025/158 por importe de 11.323,87€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/2025/4 645	1350 251204592	03/07/ 2025	720,92	1530	22199	B12019659	BAYGAR, S.L.	GENERADOR PORTATIL MONOFASE 8 kVA 8000W AVR GASOLINA DAGARTECH DGH 9000 BC / PULIDORA DE SUELO MONOFASE SCHWAMBORN DSM25
F/2025/4 672	Emit.- 1	07/07/ 2025	1.498,20	432	22601	76863438Z	CAL LORENZO, ISABEL	PINCHO PARA 60 PERSONAS ""NAVEGANDO O TEU CAMIÑO"" CELEBRADO EN LA PLAZA DE ABASTOS EL 30/06/2025
F/2025/4 686	0 25003549	07/07/ 2025	221,10	160	210	A36030138	SOBRINO G., S.A.	TUBO SANIT PVC B 160 x 3 FERRO / CODO SANITARIO MH 160 x 45º / CODO SANITARIO MH 200 x 45º / MANGUITO SANITARIO HH 200 /
F/2025/4 720	V 20251343	30/06/ 2025	33,00	1530	22199	B36158897	MADERAS J. REDONDO, S.L.	MARTILLO AZUL/AMARILLO 30CM
F/2025/4 731	1250700279	09/07/ 2025	109,49	160	213	B64471840	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.	E ADVANCED 25M 3X2.5 IP44 IK08 4 TOMAS
F/2025/5 067	1350 251204599	15/07/ 2025	30,25	454	213	B12019659	BAYGAR, S.L.	CUBO 300L D/V / CUBO 300L D/V

F/2025/5081	A0002025200	18/07/2025	1.464,10	1722	62300	B36484822	SEPY MEDICAL, S.L.U.	DESFIBRILADOR SEMIAUTOMATICO IPAD CU-SPR. CON BATERIA SIN MANTENIMIENTO. JUEGO DE ELECTRODOS ADULTO/PEDIATRICO. MALETA D
F/2025/5204	202504313	15/06/2025	340,11	2412	22199	B36406650	CASTROMAN I, S.L.	TALOCHA RECTANGULAR GOMA 240X100 MM / MODULO B / RETIRADO POR EVA / CINTA PINTOR NOPI 4349 45MX38MM / retirado por FERNA
F/2025/5205	202504769	30/06/2025	1.009,58	2412	22199	B36406650	CASTROMAN I, S.L.	ESM.ACRILICO MULTISUP. SATINADO RAL3002 / POWER FIX-INSTAN STRONG BLANCO CART 280ML / RETIRADO POR ALEX DOMINGUEZ / RUED
F/2025/5207	202504310	15/06/2025	523,14	2412	22199	B36406650	CASTROMAN I, S.L.	HAMMERITE LISO NEGRO 2.5LT / TKROM DECAPANTE LIQUIDO 1LT / CIEN TORNILLO 4.0X60 H.F.C/P BICRO / CIEN TORN. SPAX WIROX(GA
F/2025/5208	202504312	15/06/2025	637,73	2412	22199	B36406650	CASTROMAN I, S.L.	NIVEL DE PERFIL DE ALUMINIO MAGNETICO PRO800 PRECISION 0.5MM X METRO 200CM. / NIVEL RECTANGULAR ALUM 1200 MM / NIVEL DE
F/2025/5213	202504311	15/06/2025	1.198,17	2412	22199	B36406650	CASTROMAN I, S.L.	ESCALERA TELESCOPICA ALUMINIO ALT.MAX.5,00 ECO / COLA POLIURETANO D4 180 BIBERON 750GR / B. BASURA 115X150 G180 B.D.NEGR
F/2025/5215	202504770	30/06/2025	101,65	2412	22199	B36406650	CASTROMAN I, S.L.	PERNIO INOX S/REMATE C/R 090 IZQ 423 / PERNIO INOX S/REMATE C/R 090 DCH 423 / MODULO B / ORDEN EVA / CIEN TORN. H.F. C/P
F/2025/5252	V 20251596	29/07/2025	2.409,72	2412	22199	B36158897	MADERAS REDONDO, S.L.	FIMAPLAST H MOLMO SABI/WABI BOREAL / SUPERPAN HIDRO MOLMO WABI BOREAL / CORTE EN SECCIONADORA / CANTO PVC GRAFITO SOFT /
F/2025/5259	V 20251603	30/07/2025	283,01	2412	22199	B36158897	MADERAS REDONDO, S.L.	PUERTA D.M.6MM L100 PRELACADA / TAPETA MDF-H EXTENS.LACA312 / CERCO MDF-H EXTENS.LACA312 825 DCHA / MANILLA INOX R-553A
F/2025/5367	E-02148-01-00010625F	31/07/2025	473,11	2412	22199	A80364243	CLECE, S.A.	Servicio de limpieza en las instalaciones de la Escola Obradoiro, con motivo de la realización del OBRADOIRO DUAL DE EMP
F/2025/5392	E-02148-01-00012025F	01/08/2025	110,39	2412	22199	A80364243	CLECE, S.A.	Servicio de limpieza en las instalaciones de la Escola Obradoiro, con motivo de la realización del OBRADOIRO DUAL DE EMP
F/2025/5426	F/25002598	15/07/2025	96,20	2412	22199	B23546989	PINTURAS ARMENTEROS S.L.	ON0081PLASTIDUR 89 MATE BASE P 15 L. / OBRADOIRO DE EMPREGO FORME 2024 / ADITIVARM ANTIMOHO 250 gr.
F/2025/5	Q000028/202	23/07/	64,00	2311	22106	35463393S	RODRIGUEZ	METADONA CLORHIDRATO SOL.

449	5	2025					MARTINEZ, PILAR	Mº	1% 1 LITRO. VALE A-201900291090
		TOTAL:	11.323,87						

SEGUNDO: O Reintegro do crédito sobrannte no seguinte acordo, como consecuencia de variacións xurdidas durante a execución do contrato en cuestión e informada favorablemente polo órgano xestor responsable do contrato:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe	Texto Libre	MODIFICACIÓN
220250011216	RC	12/05/2025	432 22601	1500	GASTOS ESTIMADOS PARA CENA PARTICIPANTES NA TRAVESÍA NAUTICA ""NAVEGA NO CAMIÑO""	-1,80

PRP2025/3279

Visto o expediente de gasto INT/2025/443 integrado pola relación de xustificantes F/2025/157 por importe de 4.586,48€.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2025/157 por importe de 4.586,48€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/2025/5230	Fact. 082	25-28/07/2025	1.061,17	931	22706	B36813715	LAGARES OCAS, S.L.	Servizo de Consultaría e asistencia técnica en materia de xestión catastral. - Tramitación de expedientes de alteración
F/2025/5396	1	17/07/2025	350,00	338	22609	G44833382	ASOCIACIÓN DE MUSICA TRADICIONAL QUEIMADA	ACTUACIÓN DO GRUPO DE GAITAS A QUEIMADA O DÍA 25/05/2025.
F/2025/5398	2	17/07/2025	350,00	338	22609	G44833382	ASOCIACIÓN DE MUSICA TRADICIONAL QUEIMADA	ACTUACIÓN DO GRUPO DE GAITAS A QUEIMADA O 21/06/2025 NAS FESTAS DE SAN JUAN NA PARROQUIA DE BAMIO.
F/2025/5445	03-25	15/07/2025	350,00	334	22609	G36160430	ASOC. CUL. N. S. XUNQUEIRA	ACTUACIÓN FESTAS SAN ANTONIO FAXILDE O 13/06/2025.
F/2025/5452	065	01/08/2025	101,64	334	22703	35480882R	OTERO ZAS, VERONICA	SERVIZO DE LIMPEZA UNHA VEZ POR SEMANA EN C.C. DE TRABANCA BADIÑA. XULLO 2025.
F/2025/5453	08/25	30/07/2025	1.250,17	2312	22604	35434077R	PEREZ PADRON, Mª PURIFICACION	HONORARIOS DOS SERVIZOS PRESTADOS POR Mª PURIFICACIÓN PÉREZ PADRÓN NA ÁREA DE IGUALDADE. XULLO 2025.
F/2025/5475	25F001	06/08/2025	350,00	334	22609	G94007911	ASOC. CUL. FOLC. UNION PIÑEIRA DE GUILLAN	PASARRÚAS SAN PEDRO CORNAZO 28 DE XUÑO DE 2025.
F/2025/5476	25F002	06/08/2025	350,00	334	22609	G94007911	ASOC. CUL. FOLC. UNION PIÑEIRA DE GUILLAN	PASARRÚAS SAN ROQUE FESTAS O SIXTO - SOLOBEIRA O 03/08/2025.
F/2025/5477	1/2025	01/05/2025	423,50	334	22609	76867504D	SILVOSO ABAL, ADEMAR	PRESENTADOR MAIOS 2025.
		TOTAL:	4.586,48					

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.